

## **INSTRUCCIÓN DA SECRETARÍA XERAL 2/2020 PARA A APLICACIÓN DO ARTIGO 4.3. DO ACORDO DO CONSELLO DE GOBERNO DO 22 DE ABRIL DE 2020, POLO QUE SE REGULA O RÉXIME ESPECIAL DE AVALIACIÓN DO CURSO 2019/2020 COMO CONSECUCENCIA DA SUSPENSIÓN DA DOCENCIA PRESENCIAL POLA COVID-19**

O Acordo do Consello de Goberno do 22 de abril de 2020 polo que se regula o réxime especial da avaliación do curso 2019-2020 como consecuencia da suspensión da docencia presencial pola COVID-19 establece no seu artigo 4.3. que *“Para que esta situación excepcional non vaia en detrimento do expediente do alumnado, unha vez superada unha materia, esta recibirá unha cualificación que como mínimo será a correspondente á nota media do expediente do alumno/a. No caso de que a cualificación obtida da materia fose superior a esa nota media, no expediente reflectirase a cualificación obtida. Esta regra aplicarase a todas as materias anuais e do segundo cuadrimestre, incluídos TFG, TFM, prácticas e recoñecementos de cualificacións obtidas en réxime de mobilidade.”*

Tamén sinala que *“A Secretaría Xeral ditará unhas instrucións específicas acerca do procedemento que se seguirá para implementar esta medida”*.

Para facer efectivo o disposto no mencionado precepto, procede ditar a seguinte Instrución:

### **PRIMEIRO.- PROCEDEMENTO**

1. O profesorado cubrirá as actas das materias anuais e do segundo cuadrimestre, incluídos TFG, TFM e prácticas do curso 2019/20 conforme ao réxime ordinario, incluíndo a cualificación que corresponda.
2. No caso de que o/a estudante supere a materia e a cualificación obtida sexa inferior á nota media do seu expediente, calculada conforme ao indicado nesta Instrución, a cualificación que se imputará no expediente será esta última.

### **SEGUNDO.- CÁLCULO DE NOTAS MEDIAS DAS MATERIAS DO SEGUNDO CUADRIMESTRE E ANUAIS**

O calculo de notas medias realizarase consonte ao establecido na *RESOLUCIÓN do 15 de setembro de 2011, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do protocolo de colaboración suscrito entre a consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos* (DOG do 30 de setembro de 2011) así como nos acordos da súa comisión de seguimento.

A nota media calcularase con todas as materias que consten superadas no expediente antes do día 15 de maio de 2020.

### **TERCEIRO.- CRITERIOS PARA O CÁLCULO DA NOTA MEDIA DAS MATERIAS DO SEGUNDO CUADRIMESTRE E ANUAIS EN SUPOSTOS ESPECIAIS**

1. O cálculo da nota media do alumnado que iniciara estudos de Grao e Máster no curso 2019/20 realizarase tendo en conta as materias superadas no primeiro cuadrimestre.
- 2.- A nota media aplicarase tamén sobre as cualificacións outorgadas polos Tribunais de TFG e TFM ou polos titores/as canto sexa esa a modalidade de avaliación dos Traballos.
3. Non procede a aplicación desta media aos/ás estudantes que iniciaron estudos no segundo cuadrimestre do curso 2019/20, nin aos estudantes de mobilidade con destino na USC agás que cursen a totalidade dos estudos de Máster nela, nin aos que cursen materias de formación complementaria en Máster ou materias complementarias en estudos de doutoramento.
- 4.-No caso do alumnado que curse unha dobre titulación, a nota media será a correspondente ás materias do programa.
5. Nos supostos non contemplados anteriormente estarase ao que determine a Secretaría Xeral.

### **CUARTO.- COMUNICACIÓN DA NOTA MEDIA**

1. O alumnado poderá consultar na Secretaría Virtual a súa nota media a partir do 15 de maio de 2020.
2. A USC expedirá de oficio unha acta coas notas medias do alumnado por titulación, que será a que se teña en conta a efectos da aplicación do establecido na presente Instrución.

### **QUINTO.- RECOÑECIMENTOS DE CUALIFICACIONES OBTIDAS EN RÉXIME DE MOBILIDADE**

As propostas de recoñecemento de materias de segundo cuadrimestre e anuais a realizar polos centros terán en conta que, no caso de superar as materias, a cualificación destas non poderá ser inferior á nota media do expediente do/a alumno/a. A estes efectos facilitarase aos centros unha consulta sobre este extremo.

Realizada a proposta de recoñecemento, a Unidade de Xestión Académica comprobará este extremo e ditará a correspondente resolución de recoñecemento.

### **SEXTO.- REVISIÓN DA IMPUTACIÓN DA NOTA NO EXPEDIENTE**

1. Os/as estudantes poderán reclamar fronte á imputación da nota no seu expediente nun prazo de dez días desde a data de peche das actas.

2. No caso de rectificación de actas imputarase no expediente a nota máis alta que resulte da aplicación desta Instrución.
3. As reclamacións sobre aplicación da nota media serán resoltas pola Secretaría Xeral.

A Secretaria Xeral

Dulce M<sup>a</sup> García Mella

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** DULCE MARIA GARCIA MELLA, SECRETARIA XERAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 05/05/2020 12:39:06.

**CSV:** B359-79C9-4BF4-88A0